CA4.2 Descríronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.	● PE.2 - Libro de texto. Apuntes profesor	S	30
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d	● TO.1 - Libro de texto. Apuntes profesor	N	20
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.	● TO.2 - Libro de texto. Apuntes profesor	N	20
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de transporte e mantemento de vehículos. Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais. Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa. Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira. Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Concepto e nocións básicas de contabilidade. As contas anuais. Análise da información contable: análise de balances.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os contidos da unidade. Propor prácticas sobre a unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Atender as explicacións do profesor sobre a unidade. Facer os exercicios prácticos e participar nos debates prantexados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e exercicios resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto. Apuntes profesor. TICs. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Libro de texto. Apuntes profesor PE.2 - Libro de texto. Apuntes profesor TO.1 - Libro de texto. Apuntes profesor TO.2 - Libro de texto. Apuntes profesor 	9,0
TOTAL						9,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	As obrigas fiscais dunha empresa	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 1.1 Definir as obrigas fiscais dunha pequena e mediana empresa relacionada co sector. Sinalar o funcionamento básico dos seguintes impostos: IAE, IVE, IRPF, IS	1	As obrigas fiscais segundo o tipo de empresa. Os impostos: tipos e elementos. Xestión dos principais impostos.	8,0
TOTAL			8

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa electromecánica de vehículos automóbiles, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Libro de texto. Apuntes profesor 	S	100
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As obrigas fiscais segundo o tipo de empresa. Os impostos: tipos e elementos. Xestión dos principais impostos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os contidos da unidade. Propor prácticas sobre a unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Atender as explicacións do profesor sobre a unidade. Facer os exercicios prácticos e participar nos debates prantexados polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e exercicios resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto. Apuntes profesor. TICs. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Libro de texto. Apuntes profesor 	8,0
TOTAL						8,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Simulación dun proxecto de empresa	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 1.1 Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade. Composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.	1	Análise da idea. Análise de mercado. Plan de empresa. Estudio de viabilidade. Posta en marcha.	12,0
TOTAL			12

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.	• OU.1 - Plan empresa	N	25
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.	• OU.2 - Plan empresa	S	15
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.	• OU.3 - Plan empresa	S	15
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa electromecánica de vehículos automóbiles, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario.	• OU.4 - Plan empresa	S	15
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d	• OU.5 - Plan empresa	S	15
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.	• TO.1 - Plan empresa	N	15
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de electromecánica de vehículos automóbiles.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de transporte e mantemento de vehículos.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.

Contidos
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de electromecánica de vehículos automóbiles: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análise da idea. Análise de mercado. Plan de empresa. Estudio de viabilidade. Posta en marcha.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os contidos da unidade. Propor prácticas sobre a unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Facer o Plan de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e exercicios resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto. Apuntes profesor. TICs 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Plan empresa OU.2 - Plan empresa OU.3 - Plan empresa OU.4 - Plan empresa OU.5 - Plan empresa TO.1 - Plan empresa 	12,0
TOTAL						12,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As distintas probas que se levarán a cabo ao longo de cada avaliación para cualificar os alumnos clasifícanse en dous apartados

1.-Proba/s escritas ao finalizar cada unidade formativa e/ou cada trimestre. Incluirán preguntas de desenvolvemento dos conceptos e exercicios prácticos naquelas ocasións nas que a materia o permita.

Cada unha das probas cualifícarase de 1 a 10 puntos con aproximación de centésimas (media ponderada de todas as preguntas calificadas sobre 10, explicándolles aos alumnos no momento do examen cales teñen mais valor si fose o caso).

A nota (A) será a media aritmética dos exámes, agás no caso de que a algún deles lle fose asignada unha porcentaxe maior ou menor, o que sería advertido previamente ao alumnado .

Se nunha mesma avaliación se fixeran dúas ou máis probas, será necesario obter en todas elas un mínimo de tres puntos para face-la media aritmética ou ponderada.

Para a media coa tarefa a nota mínima será dun 5.

En caso de que o alumnado collérase copiando no exame, quitariaxelle a chuleta ou diriallese que deixase de falar e deixárase seguir ca proba escrita.

2.-Realización de traballos, exercicios escritos ou orais sobre as explicacións de clase , para cuxa resolución poderán consultar, nalgunhas ocasións, material complementario facilitado polo profesor ou buscado por eles mesmos.

As prácticas e exercicios propostos serán de entrega obrigatoria en tempo e forma, e na súa cualificación terase en conta non só o nivel obxectivo acadado, senón tamén a evolución persoal do alumno. A entrega de traballos pasada a data límite fixada para a mesma, suporá a resta dun punto nese traballo por cada día de retraso.

A nota por traballos será a media ponderada das notas obtidas en cada un deles. No caso de que uns traballos teñan máis valor que outros informarase o alumnado desa circunstancia. Se nunha mesma avaliación se fixeran dous ou máis traballos, será necesario obter en todos eles un mínimo de tres puntos para face-la media aritmética ou ponderada. Para a media co exame a nota mínima será dun 3.

CUALIFICACIÓNS

A participación na cualificación dos distintos apartados será a seguinte:

- 1.- Probas escritas das unidades formativas.....70%
- 2.- Outros traballos, exercicios escritos ou orais.....30%

No caso de que durante unha avaliación non houberse cualificacións no apartado 2, o 20% correspondente ao devandito apartado sumarase ao apartado 1

A cualificación trimestral será a media obtida nas unidades de traballo impartidas durante o devandito trimestre. Para que a cualificación final do Módulo resulte positiva, será imprescindible a cualificación positiva, é dicir, igual ou superior a 5, en cada unha das avaliacións que o forman. Os alumnos que superen cada unha das tres avaliacións superarán o módulo completo, polo que non terán que presentarse a nengunha proba conxunta. Non obstante, poderán facelo se desexan subir nota.

Os alumnos que cheguen a fin de curso con algunha parte suspensa terán que facer proba de recuperación sobre a materia non superada e/ou entregar os traballos ou prácticas que faltasen ou non acadaran unha nota que permitira superar a avaliación.

Na avaliación final a cualificación virá dada pola obtención da media das tres avaliacións substituíndo cada unha das notas das avaliacións suspensas pola obtida na proba final.

No caso de que o suspenso dunha ou máis avaliacións viñera dado pola falta de traballos ou a incorrecta realización dos mesmos; modificarase a nota da avaliación cos novos traballos presentados e recalculase a nota seguindo os criterios anteriores.

No caso de que durante o transcurso do curso houberse confinamento:

Non se terán en conta ningún mínimo de nota en tarefas e térase que ter un mínimo de cinco para acadar unha valoración positiva.

A nota de cada parcial vai ser a nota media das tarefas. Ademais teñen a opción de poder facer dúas tarefas voluntarias puntuadas con medio punto cada unha e sumada a media das tarefas a maiores na nota do parcial.

Así un alumno cun catro podería superar o módulo. Farase a media dos parciais e será a que se obteña.

No caso de semipresencialidade:

Optarase en seguir o mesmo que coa presencialidade. Aproveitaranse os días presenciais para as probas teóricas, e coa axuda da aula virtual e webex seguir dunha maneira ca máxima normalidade dentro do posible o trancurso do ano académico.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso. Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece a correspondente Orde: o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente, o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

Será necesario incluír un cuestionario a criterio do profesor/a titular do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propondo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais

asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a correspondente Orde, de acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres, ...).

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto..., a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico

que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares, son basicamente dúas:

1. Charlas e conferencias sobre o sector económico propio da especialidade.
2. Charlas e conferencias sobre o autoemprego e creación de empresas.